

Procedemento para a elaboración do Plan de Organización Docente (POD) 2021/2022

(Aprobado en Consello de Goberno do 28/05/2021)

1. Consideracións previas

1.1. Política de contratacións

O criterio prioritario do goberno da UDC é manter o seu capital humano e dar aos profesores e investigadores que se estiveron formando con éxito na nosa Universidade a posibilidade de estabilizarse cando finalicen o seu contrato.

Tendo en conta as restricións e limitacións legais que impoñen as leis orzamentarias, tanto a nivel estatal como autonómico, en relación á contratación de persoal nas universidades para o curso académico 2021/2022, as liñas xerais da política de profesorado, ás que deberán axustarse as posibles peticións dos Departamentos, serán as seguintes:

1. A relación de prazas de promoción de Titular de Universidade a Catedrático/a de Universidade, as de promoción de Profesor/a Contratado/a Doutor/a a Titular de Universidade e as de Axudante Doutor/a a Profesor/a Contratado/a Doutor/a (PCD) ou a Titular de Universidade, foron determinadas na Oferta de Emprego Público do ano 2021.

Mantense a suspensión da posibilidade de convocar prazas de Axudante para o curso académico 2021/2022.

2. Intensifícase o programa para reducir o número de Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución, que non fosen previamente Axudantes Doutores/as, e Asociados/as que contén cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en Profesores/as Axudantes Doutores/as. O número de prazas e o procedemento de solicitude aprobaranse polo Consello de Goberno.
3. Co fin de non interferir nos distintos programas de estabilización e promoción do PDI, as prazas creadas no marco de programas específicos de captación (programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, InTalent, etc.) non contabilizarán no cómputo da capacidade das áreas de coñecemento para os efectos de selección de áreas.
4. Co fin de non interferir nos distintos programas de estabilización e promoción do PDI, o profesorado subrogado desde o 1/08/2020 como consecuencia da integración do grao en Turismo non contabilizará no cómputo da capacidade das áreas de coñecemento para os efectos de selección de áreas.
5. Non está prevista a convocatoria neste ano do programa para permitir a promoción mediante concurso en Profesores/as Contratados/as Doutores/as do profesorado acreditado a Profesor/a Titular de Universidade, dada a incorporación na OEP 2021 de prazas de Titular de Universidade e de Profesorado Contratado Doutor para a estabilización ou funcionarización do profesorado Axudante Doutor.

Os departamentos farán chegar á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente as propostas de renovación que estimen oportunas, de acordo coas necesidades docentes das áreas de coñecemento, dos contratos de Profesor/a Asociado/a, Profesor/a Contratado/a Interino/a de Substitución e Lectores para o curso académico 2021/2022.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións		Páxina	1/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		



Establécese a data de finalización da elaboración do POD como límite para a remisión destas propostas.

6. Mantense o programa de nomeamento de novos Profesores/as Eméritos/as e Honorarios/as para o curso 2021/2022¹.
7. Os/as investigadores/as e o persoal de investigación contratado poderán colaborar nas tarefas docentes, de acordo coas seguintes normas:

A.- Investigadores/as doutores/as dun programa de Ciencia Excelente da Unión Europea poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación académica (DA) de 160 horas.

B.- Investigadores/as doutores/as dos programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva, InTalent e do acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación de 80 horas, que poderán chegar ás 160 horas no caso dos/as Beatriz Galindo á vista da orientación docente deste programa.

Investigadores/as IP de proxectos para xoves investigadores/as sen vinculación ou con vinculación temporal (proxectos tipo JIN): poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación de 80 horas anuais.

C.- Investigadores/as dos programas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das correspondentes convocatorias, tanto na Modalidade A como na Modalidade B: poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación de ata 80 horas.

Investigadores/as distinguidos do Programa de atracción e retención do talento científico en Galicia: poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos cunha dedicación de 80 horas.

D.- Contratados FPI, FPU, dos programas de apoio á etapa predoutoral da Comunidade Autónoma de Galicia ou similares:

- FPI: Poderán colaborar na docencia co número de horas e no período que autorice a convocatoria do seu contrato, ata un máximo de 180 horas prácticas durante a extensión total do contrato predoutoral, e sen que en ningún caso se poidan superar as 60 horas prácticas anuais.
- FPU: Poderán colaborar na docencia co número de horas e no período que autorice a convocatoria do seu contrato, cun mínimo de 90 e un máximo de 180 horas prácticas durante a extensión total do contrato predoutoral, e sen que en ningún caso se poidan superar as 60 horas prácticas anuais.

Disposicións comúns para o punto D:

¹ Acordo do Consello de Goberno do 32/05/2017

Código Seguro De Verificación	e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	03/06/2021 13:22:25
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		
		Páxina	2/14



- Só poden colaborar na docencia práctica (docencia interactiva, tutoría de grupos reducidos e prácticas) de materias de títulos de grao, polo tanto non poden participar na docencia en mestrado, nin dirixir Traballos Fin de Mestrado² ou formar parte das Comisións Avaliadoras de TFGs ou TFM.
- Non poderán ser responsables de grupos ou materias nin asinar actas.
- Seralle de aplicación o Real decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

8. Establécese a data de finalización da elaboración do POD como límite para a recepción de propostas de convocatoria de prazas de profesorado para a organización docente do próximo curso.

1.2 Cómputo da capacidade e da carga docente estrutural das áreas

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) 2016/2020, actualmente prorrogado, establece unha serie de restricións e limitacións que fan necesaria unha actualización dos criterios de elaboración do Plan de Organización Docente (POD), en particular ante posibles solicitudes de prazas de novo profesorado, de acordo co modelo utilizado para a estimación do custo estándar baseado en datos de docencia, incluído no financiamento estrutural das universidades.

Dado que non se pretende nin rebaixar a docencia por crédito das nosas titulacións, situada nunha media de 8,5 horas, nin deixar sen horas de docencia presencial a titorización de TFG/TFM, a media de horas lectivas ou presenciais por PDI a tempo completo debe situarse por enriba das 180 horas anuais aos efectos de cálculo do cadro de persoal estrutural tal e como o establece o PFSUG.

A Universidade da Coruña debe establecer un marco estable para permitir a xestión eficiente da seu cadro de persoal de PDI cando se abren novos retos coa oferta de novas titulacións, realizar unha adecuada planificación do desenvolvemento do cadro de persoal e facilitar os procesos de estabilización, consolidación a través das Ofertas de Emprego público dos próximos anos así como a incorporación de novos efectivos para a necesaria renovación do cadro docente da UDC. Neste punto, débese insistir en que a UDC sitúa as súas prioridades orzamentarias no mantemento do seu capital humano, como pode comprobarse nos orzamentos aprobados nos últimos anos e o seu impacto estabilizador no cadro de persoal de PDI.

Para iso é preciso calcular a capacidade docente estrutural das áreas. Para determinar esta capacidade docente terase en conta o profesorado a tempo completo cunha dedicación estándar de 240 horas para as categorías que varían a súa dedicación coa avaliación da súa actividade investigadora, agás o profesorado a tempo completo con 5 ou máis avaliacións positivas da súa actividade investigadora que será de 160 horas, e o resto do profesorado coa súa dedicación correspondente. Os/as investigadores/as doutores/as con compromiso de estabilidade computarán coa súa dedicación correspondente.

A carga docente estrutural das áreas determínase tendo en conta a docencia presencial en aulas/laboratorios e a titorización de TFG/TFM.

En ningún caso dotarase profesorado estrutural por necesidades docentes cando a

² Poderán participar na codirección de TFG dentro dos límites establecidos polos contratos e pola normativa que lles sexa de aplicación.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	3/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		



capacidade docente estrutural da área sexa superior á carga docente estrutural da mesma.

1.3. Ano académico para os efectos de xubilación do PDI

Para os efectos de prórroga na prestación de servizos docentes do profesorado universitario, considérase que o curso académico se inicia o 1 de setembro e remata o 31 de agosto.

2. Plan de Organización Docente (POD)

2.1. Obrigas docentes do profesorado

A dedicación docente do profesorado está recollida na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (aprobada por Consello de Goberno do 28/05/2021).

2.2. Obrigas de titoría do profesorado

Categoría	Horas titoría ³
Catedrático/a de universidade ⁴	180
Titular de universidade ^{3 4}	180
Catedrático/a de escola universitaria ^{3 4}	180
Titular de escola universitaria ^{3 4}	180
Profesor/a INEF	180
Profesor/a numerario/a E.O. Náutica	180
Mestre/a de taller E.S.Mariña Civil	180
Profesor/a contratado/a doutor/a	180
Profesor/a colaborador/a	180
Axudante	60
Axudante doutor/a	180
Profesor/a contratado/a interino/a de substitución a TC	180
Lector a TC	180
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P06)	180
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P05)	150
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P04)	120
Prof. asociado/a, asociado/a en Ciencias da Saúde, interino/a de substitución e lector (P03)	90
Investigador/a contratado posdoutoral con 160 h de DA	120
Investigador/a contratado posdoutoral con 80 h de DA	60
Investigador/a contratado/a predoutoral ⁵ (só docencia práctica, docencia interactiva e titoría en grupo reducido en titulacións de grao)	0

³ Distintas das titorías de grupos reducidos. Distribuídas entre os meses de setembro a xullo.

⁴ Profesores vinculados ao sistema sanitario: 3 horas semanas de titorías (RD16252/1991)

⁵ Non poden ser responsables de materia, dirixir traballos fin de mestrado, formar parte de tribunais, nin asinar actas; si poderán codirixir Traballos Fin de Grao

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións		Páxina	4/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		



2.3. Criterios para levar a cabo as titorías

Con carácter xeral as titorías realizaranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Para realizar unha adecuada atención aos/ás estudantes e, atendendo as obrigas docentes do profesorado poden establecerse tres horarios durante o curso⁶:

I. Período de actividades académicas docentes do primeiro cuatrimestre (incluíndo o período de actividades de avaliación da primeira oportunidade en xaneiro)

II. Período de actividades académicas docentes do segundo cuatrimestre (incluíndo o período de actividades de avaliación da primeira oportunidade en maio/xuño)

III. Período de actividades de avaliación da segunda oportunidade

b) Polo menos deberase garantir 2 horas de titorías semanais durante cada un dos períodos do apartado anterior.

c) As titorías realizaranse durante o horario de apertura dos Centros da Universidade da Coruña.

d) Non coincidirán en ningún caso co tempo de docencia asignado ao/a profesor/a e procurarán axustarse ás quendas de docencia, se as houbera, de modo que se posibilite a asistencia do/a estudante.

e) Para atender a todos/as os/as estudantes, o/a profesor/a distribuirá as súas horas de titorías entre aqueles Centros entre os que imparte docencia.

f) As titorías levaranse a cabo normalmente no despacho habitual do/a profesor/a correspondente, nas dependencias que este estime máis adecuadas para o seu mellor desenvolvemento ou nos espazos que habiliten os Centros para tal efecto. En ningún caso poderán desenvolverse en edificios ou instalacións alleas á Universidade da Coruña. O profesorado vinculado ao sistema sanitario e os/as profesores/as asociados/as en Ciencias da Saúde poderán realizar as súas titorías nos Centros Sanitarios nos que desenvolvan a súa actividade. No contexto actual de fomento de medidas de distanciamento social, autorízanse as titorías a distancia por videoconferencia no horario previsto, sempre que se usen as ferramentas institucionais.

g) A fracción mínima de horas de atención ao/a estudante será de 1 hora diaria.

h) A fracción máxima de horas de atención ao/a estudante será de 3 horas diarias.

O profesorado rexistrará o seu horario de titorías a través da aplicación xerada para tal efecto pola Universidade da Coruña.

Os bolseiros/contratados de investigación da Universidade da Coruña (FPI, FPU ou similares) poderán colaborar en actividades docentes prácticas baixo a supervisión do/a seu/súa titor/a ata o máximo permitido pola lexislación vixente. A actividade titorial neste caso é responsabilidade do/a profesor/a titor/a.

Os criterios específicos que, en atención ás singularidades da docencia impartida, puideran establecer os Centros ou Departamentos non poderán, en ningún caso, ir en contra do establecido nos apartados anteriores.

⁶ Exemplo: Para 180 horas de titoría, pódese establecer un horario con 4 horas semanas nos períodos I, II, e III (44 semanas), deixando 4 horas para reforzar os períodos de exame.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	03/06/2021 13:22:25
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		
		Páxina	5/14



2.4. Principios xerais de asignación do encargo docente

Os departamentos deberán procurar que, na medida do posible, o número máximo de profesores/as asignados/as a cada grupo dunha determinada materia sexan dous. O cumprimento desta recomendación será particularmente importante no curso 2021/2022, co obxecto de minimizar os contactos entre persoas no contexto actual de vixilancia epidemiolóxica. Deberá xustificarse especificamente polos departamentos toda imposibilidade do seu cumprimento.

Polo mesmo motivo, os departamentos deberán limitar ao máximo os desprazamentos do seu profesorado, procurando, na medida do posible, concentrar a docencia de cada profesor nun único centro en cada cuatrimestre.

Cando varios profesores/as compartan a docencia dunha materia, o departamento deberá encargar a un/unha deles/las a elaboración da Guía Docente, a coordinación da materia e a responsabilidade a efectos de asinar as actas.

Os departamentos deberán procurar que, na medida do posible, o número máximo de horas semanais de cada docente en calquera período do curso non supere as dez, dado que este suporá o límite de cobertura en caso de producirse unha baixa.

Non se poderá encargar docencia aos/ás profesores/as asociados/as e contratados/as interinos/as de substitución nun área distinta a súa, se xa lle foi encargada como “*docente non propio*” nos dous últimos cursos académicos, agás que se trate de áreas afíns en materias de formación básica.

O encargo docente do profesorado subrogado desde o 1/08/2020 como consecuencia da integración do grao en Turismo non poderá ser modificado.

Co fin de favorecer a avaliación do persoal investigador doutor dos programas incluídos nos apartados A e B do punto 1.1.7 desta normativa, estes terán prioridade na asignación de nova docencia no seu ámbito de especialización das materias correspondentes ás novas titulacións, sempre de acordo co encargo docente aprobado no PDA.

Antes de contratar novo profesorado para unha área determinada, comprobarase se en calquera das materias nas que ten asignada a docencia existen outras áreas con excedentes docentes.

Antes de contratar novo profesorado, instarase aos departamentos a asignarlles tarefas docentes aos/ás contratados/as de investigación, sempre que a convocatoria o permita.

A asignación da docencia poderá modificarse ao longo do curso académico, sempre que existan causas obxectivas que o xustifiquen e tratando de que a modificación afecte o menos posible ao encargo inicialmente fixado, para que o profesorado poda planificar de maneira óptima as súas actividades. A devandita circunstancia será de aplicación no curso 2021/2022 no caso de que sexa necesario facer adecuacións para incorporar medidas de docencia non presencial nun escenario de posible confinamento pola Covid-19 ou para manter a distancia social esixida polas autoridades sanitarias, que obrigue a traballar con grupos máis reducidos.

Todos os departamentos quedan obrigados a comunicar aos centros afectados todas as modificacións no encargo docente do POD que se produzan durante o seu desenvolvemento, incluídas as alteracións producidas no contexto actual de crise epidemiolóxica. Desta comunicación debe quedar constancia por escrito para o que se empregarán as contas de correo oficiais da UDC.

Unha vez rematado o curso académico, certificarase unicamente a docencia que conste gravada no POD.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións			Páxina	6/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==			



2.5. Docencia durante o primeiro cuadrimestre

Os departamentos deberán cubrir obrigatoriamente co profesorado existente a docencia das materias anuais, das materias cuadrimestrais que se impartan no primeiro cuadrimestre do curso e a oferta de dirección de TFGs e TFM's que se teña que realizar ao inicio de curso académico, de xeito que se garanta o comezo da docencia. Darase prioridade ás materias de formación básica e obrigatorias dos graos e en segundo lugar ás materias dos mestrados e ás optativas dos graos.

No momento en que se formalicen novas contratacións, o departamento poderá modificar a asignación realizada inicialmente.

Os grupos das materias do segundo cuadrimestre poderán excepcionalmente axustarse en función da matrícula real do curso académico 2021/2022.

2.6. Materias de plans de estudos en extinción

Deberá designarse como mínimo un/unha profesor/a encargado/a de realizar a avaliación do alumnado das materias dos plans a extinguir nas que non exista docencia. Estas materias aparecen no encargo de docencia con un grupo de teoría e cero horas asignadas.

O alumnado matriculado nunha materia sen docencia nun plan de estudos en extinción, terá dereito a ser atendido polo/a profesor/a encargado da súa avaliación durante o seu horario de titorías (ver apartado 2.3).

2.7. Docencia en inglés

A asignación de docencia en materias que se impartan en inglés deberá priorizarse ao profesorado cuxa praza fora convocada coa mención de docencia en inglés, nas materias correspondentes ao seu perfil docente. Terase igualmente en conta as acreditacións da capacidade para impartir docencia en inglés dalgunha das formas previstas na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30/04/15 e modificada nos do 14/04/16 e 23/7/19).

2.8. Desprazamento por docencia a outra localidade distinta da de destino

O profesorado desempeñará preferentemente o seu labor nunha única localidade. O cumprimento desta recomendación será particularmente importante no curso 2021/2022, co obxecto de minimizar os desprazamentos e contactos entre persoas no contexto actual de vixilancia epidemiolóxica.

Os departamentos cubrirán en primeiro lugar a docencia dos Campus de Ferrol ou A Coruña co profesorado cuxo nomeamento ou contrato sexa para centros do Campus de Ferrol ou A Coruña, respectivamente.

No caso de que teña que desenvolver o seu labor en máis dunha localidade, será necesario un informe razoado do departamento coa conformidade do/a profesor/a.

2.9. Comunicación da finalización da asignación do encargo docente

As incidencias que podan xurdir durante o proceso de elaboración do POD (solicitud de alta, problemas de gravación de datos, etc.), deberán comunicarse a través dos correos electrónicos que aparecen no anexo segundo o tipo de incidencia de que se trate.

Tras incorporar os datos ao POD os departamentos, comunicarán por correo electrónico (**sen necesidade de enviar unha copia impresa do POD**) a finalización do proceso de gravación dos datos en Xescampus.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións		Páxina	7/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		



Os departamentos deberán remitir as solicitudes de renovación do profesorado contratado e as outras solicitudes que se estimen oportunas. Empregarase exclusivamente os medios electrónicos e os documentos deberán estar asinados a través do Portafirmas institucional.

A vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente tras revisar o POD e confirmados os datos, remitirá unha copia para que sexa asinada polo departamento correspondente.

3. Xestión e aplicación da normativa de dedicación

3.1. Disposicións xerais

Cada departamento deberá revisar os datos do seu POD que aparecen precargados en Xescampus co fin de comprobar que a dedicación do seu profesorado se axusta ao disposto na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (aprobada polo Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014 e modificada nos do 27/10/2015, 25/02/2016, 27/04/2017, 03/04/2018, 03/04/2019, 04/06/2020 e 28/05/2021).

3.2. Dedicación académica (DA)

Xescampus xa reflicte a dedicación académica que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI.

Tomarase como referencia os sexenios recoñecidos con efectos económicos e administrativos entre 01/01/2014 e o 31/12/2020.

3.3. Encargo docente

3.3.1. Dirección de traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de mestrado (TFM)

A aplicación xa reflicte as horas que corresponden ao profesorado pola dirección de TFG ou TFM entre o 1/01/2020 e o 31/12/2020. Estes datos foron revisados polos Centros durante a elaboración do PDA.

3.3.2. Membros das Comisións de Avaliación dos TFG e TFM

A aplicación xa reflicte as horas que corresponden ao profesorado pola participación nas Comisión de Avaliación de TFG ou TFM entre o 1/01/2020 e o 31/12/2020. Estes datos foron revisados polos Centros durante a elaboración do PDA.

3.3.3. Titorización académica de prácticas externas optativas en empresas e outras institucións

A aplicación xa reflicte as horas que corresponden ao profesorado que titorizou prácticas externas curriculares entre o 1/01/2020 e o 31/12/2020 conforme os datos remitidos polos Centros no momento de elaboración do PDA.

3.3.4. Dirección de teses de doutoramento

Xescampus xa reflicte as horas correspondentes a cada profesor/a segundo os datos que constan na Escola Internacional de Doutoramento entre o 01/01/2019 e o 31/12/2020.

3.3.5. Docencia online

En aplicación do punto 9 do Procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA) 2021/2022 (aprobado en Consello de Goberno do 25/02/2021), os departamentos poderán asignar as horas de docencia a distancia das materias de

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente			Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións				Páxina	8/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==				



programas verificados coa modalidade a distancia, como parte do encargo docente do seu profesorado.

3.3.6. Docencia clínica no grao de Medicina

O convenio para a colaboración na docencia clínica do Grao en Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (USC), do 9/10/2015, establece na cláusula quinta que “A docencia impartida para a USC será considerada como prestación docente ordinaria a efectos do cumprimento da xornada de traballo e carga docente na Universidade de orixe”. Para este fin, habilitarase en Xescampus o encargo docente no ámbito da docencia clínica que, dentro da Programación Anual do Grao en Medicina, aprobe a Universidade de Santiago de Compostela para ser desenvolvido de xeito descentralizado pola Universidade da Coruña.

3.4 Compensacións e reducións docentes

3.4.1. Por actividades de xestión universitaria (AXU)

Xescampus xa reflicte a compensación por cargo que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI e na Secretaría Xeral da Universidade.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/á responsable de Análise e Xestión de Datos o reparto dunha compensación de 100 horas para distribuír entre os/as profesores/as do seu equipo, incompatibles con outras compensacións deste apartado. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.4.2. Representación sindical do PDI

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que foron facilitados polos órganos de representación do PDI.

3.4.3. Recoñecemento como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

A aplicación xa reflicte as horas de compensación por RAADC que corresponde ao profesorado conforme os datos remitidos polos centros no momento de elaboración do PDA incluídas as de “*Titorización académica de Prácticas Externas extracurriculares en empresas e outras institucións*”. Para o curso 2021/2022, as horas de compensación da rede de teleformadores engádense a partir da aprobación en Consello de Goberno deste novo recoñecemento.

3.4.4. Méritos docentes

3.4.4.1 Docencia en galego/inglés

Novas solicitudes

Os departamentos deberán remitir as solicitudes de recoñecemento de horas á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente co fin de que se autorice a súa inclusión no POD.

No caso de tratarse de docencia en inglés, a autorización dependerá da aprobación previa do PDA dos centros canto ás materias ofertadas en inglés, á existencia dun grupo específico de inglés e á comprobación do número mínimo de estudantes matriculados coa docencia en inglés, en aplicación do punto 8 do Procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA) 2021/2022 (aprobado en Consello de Goberno do 25/02/2021).

Código Seguro De Verificación	e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións			Páxina	9/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==			



Prórroga de solicitudes de recoñecemento por docencia en galego/inglés

Para o profesorado que tiña recoñecemento de horas por impartir docencia en galego/inglés e que poda manter dito recoñecemento, sempre que continúen impartido a docencia en dito idioma, os departamentos deberán remitir as solicitudes de prórroga.

Para poder prorrogar o recoñecemento de horas por galego, débese impartir neste idioma como mínimo o 50% da docencia encargada ou cumprir as condicións para este recoñecemento en graos que participen no Programa de fomento do galego do SUG.

No caso de tratarse de docencia en inglés, seguirase o procedemento que establece o segundo parágrafo do apartado de “*novas solicitudes*”.

Os departamentos deberán remitir tanto as novas solicitudes como as renovacións do cómputo de horas por docencia en galego/inglés nos modelos que se achegarán, e que deberán adiantarse por email en formato de folla de cálculo a: xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal. O Negociado de Planificación de PDI encargárase da súa gravación na aplicación Xescampus.

Empregarase exclusivamente os medios electrónicos e os documentos deberán estar asinados a través do Portafirmas institucional.

3.4.4.2 Titorías de galego/inglés

O Departamento de Letras terá unha asignación 100 e 200 horas no seu POD, para distribuír entre aqueles/as profesores/as que colaboren na titoría do profesorado que inicie a docencia das disciplinas en galego e inglés, respectivamente. O contido das actividades de titoría serán acordadas polos departamentos, o Servizo de Normalización Lingüística e a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.

A titoría do profesorado que inicie a súa docencia en inglés axustarase ao establecido na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril do 2015 e modificada nos consellos de goberno do 14 de abril de 2016 e do 23 de xullo de 2019).

3.4.4.3 Espazo compartido

A Unidade de Atención á Diversidade, da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, terá unha asignación de 80 horas no POD para distribuír entre aqueles/as profesores/as que colaboren con docencia no programa de Espazo Compartido.

3.4.5. Actividades de intensificación en investigación e transferencia (AIIT)

3.4.5.1 Participación en proxectos de investigación de carácter competitivo

Remítese aos departamentos a relación de proxectos de investigación facilitados pola Vicerreitoría de Política Científica Investigación e Transferencia para que os IPs dos proxectos fagan o reparto entre os/as participantes do proxecto. Para os efectos de certificación, recoméndase que o reparto sexa proporcional á dedicación ao proxecto de cada participante. O resultado deberá remitirse polos departamentos aos correos xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal.

No caso de detectarse algunha omisión, o IP do proxecto deberá solicitar aos departamentos afectados a inclusión da compensación de horas por este concepto, para o que deberá achegar a carta de concesión do proxecto e o reparto das horas entre o profesorado que participe nel. Estes datos deberán remitirse por correo electrónico a xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal para a súa comprobación e validación.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións			Páxina	10/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1Xn5D0y1/eSbcB7SQ==			



Estes datos estarán incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.4.5.2 Presentación de proxectos ás convocatorias do programa H2020

Para a inclusión da compensación de horas en POD deberán cumprirse dous requisitos:

- 1º. Que o proxecto xa fora efectivamente presentado a data 31/12/2020 e conste finalmente a súa resolución denegatoria.
- 2º. Que conte co informe positivo dos/as técnicos/as da OTRI. Este informe acreditará a calidade formal da proposta.

Do mencionado informe, que deberá solicitarse á OTRI, e no que xa figuran as horas a compensar, o Departamento enviará unha copia á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a través dos correos electrónicos xestionpod@udc.gal ou vppd@udc.gal. O Negociado de Planificación do PDI encargárase da súa gravación na aplicación Xescampus.

Se o/a responsable da presentación do proxecto opta por renunciar á compensación en favor doutros/as docentes participantes na proposta, xuntará o reparto ao informe da OTRI. Para os efectos de certificación recoméndase que a dedicación sexa proporcional á proposta do proxecto.

3.4.5.3 Participación en contratos con entidades que revertern fondos á UDC

A vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao PDI responsable do contrato ou convenio, en función da información que foi facilitada pola OTRI, a distribución da compensación de horas entre os membros do equipo. Para os efectos de certificación, recoméndase que o reparto sexa proporcional á dedicación ao contrato de cada participante.

O/A responsable fará constar que ningún membro do equipo, entre os que se reparten horas, ten participación na/s empresa/s asinantes do convenio ou contrato.

Estes datos estarán incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.4.5.4 Coordinación de grupos de investigación

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará a os/as coordinadores/as dos grupos de investigación o reparto da compensación de horas que corresponda en función da cualificación do grupo que foi realizada pola a Agencia Estatal de Investigación e que estea en vigor o 31/12/2020. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.4.6. Méritos de investigación (MI)

3.4.6.1 Dirección de teses de doutoramento

Xescampus xa reflicte as horas de encargo docente que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Escola Internacional de Doutoramento entre o 01/01/2019 e o 31/12/2020.

3.4.6.2 Avaliación da Agencia Estatal de Investigación dos/as investigadores/as da UDC

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia con data do 31/12/2020.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións		Páxina	11/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		



3.4.7. Outras actividades (OA)

3.4.7.1 Centro de Linguas

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/a director/a do Centro de Linguas o reparto da compensación que corresponde por este apartado, incompatibles con outras compensacións por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

3.4.7.2 Director/a de cátedra/aula institucional

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Secretaría Xeral da Universidade. Estas compensacións son incompatibles con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

3.4.7.3 Proxectos internacionais correspondentes a accións de Erasmus +

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación con data do 31/12/2020.

3.4.7.4 Secretaría dos cursos da International Summer School da UDC

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación con data do 31/12/2020. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

3.4.7.5 Xestión de programas de doutoramento autorizados conforme ao RD 99/2011

A EIDUDC comunicará o reparto da bolsa de horas de compensación entre as coordinacións das Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD) de acordo co criterio de reparto que teña aprobado. Esta compensación é incompatible con outros cargos de xestión e con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

3.4.7.6 Comité de ética

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/a presidente/a do Comité de ética o reparto da compensación que corresponde por este apartado. Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

3.4.7.7 Coordinación de Green Campus

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

3.4.7.8 Representación de UDC Saudable

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	03/06/2021 13:22:25
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		



3.4.7.9 Centro de Estudos de Xénero e Feministas

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

3.4.7.10 Representación da Oficina para a Igualdade

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte. Esta compensación é incompatible con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 3.4.1.

Disposición adicional. Interpretación da norma

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación deste procedemento.

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente			Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións				Páxina	13/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==				



4. Anexos

4.1. Información sobre soporte técnico

Conéctese co seu navegador Web á páxina:

<https://xescampus.udc.es>

Se vostede, unha vez que leu detidamente a documentación que se achega, ten algunha dúbida ou problema sobre o procedemento, pode poñerse en contacto co persoal da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

Preguntas **sobre o procedemento**:

Roberto J. Nuez Sánchez	Xefatura do Negociado de Planificación do PDI Servizo de Persoal Docente e Investigador	1072	xestionpod@udc.gal
Rosa María González Romero	Secretaría da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente	1184	yppd@udc.gal

Preguntas de **carácter técnico**:

Deberá poñer unha incidencia a través de AxudaTIC en <https://axudatic.udc.gal>

No caso de non dispor da clave de acceso a Xescampus debera remitir a través de AxudaTIC o impreso que pode atopar en:

http://www.udc.es/export/sites/udc/aspau/galeria_down/documentos/Alta_Xescampus.doc

Código Seguro De Verificación	e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	03/06/2021 13:22:25
Observacións		Páxina	14/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/e8Bt1XnC5D0y1/eSbcB7SQ==		

